


PEZA DO MES


marzo

2010



PRECLARISSIMUM MATHEMATICARUM OPUS

VALENCIA, 1503



PORTADA

PRECLARISSIMUM MATHEMATICARUM OPUS

Estamos desta volta ante unha obra que ten como asunto as matemáticas e que serviu de libro de texto na universidade de Valencia, finalidade para a que Jerónimo Amiquet, impulsor desa universidade, a fixo publicar polo impresor Juan Jofré, coas coidadosas anotacións de Tomás Durán, quen era naquel momento profesor desta materia na citada universidade. Publicada en 1503, cando o Estudi General de Valencia había pouco que fora creado (1499), atopamos dela unha serie de exemplares, recollidos por Martín Abad en *Post-incunables ibéricos* (2001). O total dos que figuran na obra citada son dezanove, aos que cómpre sumar agora este que estamos comentando máis o que encontramos referenciado no catálogo da Biblioteca Riccardiana da Biblioteca Nazionale Centrale de Florencia.

Jerónimo Amiquet, a quen vemos por estas datas xa en Salamanca, xa en Tortosa, Valencia ou Barcelona ensinando gramática e exercendo a medicina, non só impulsou a súa publicación senón que financiou este conxunto de textos que se encontraban dispersos en

diferentes escritos.


Impreso en latín, o idioma da ciencia e da cultura naqueles momentos en todo o occidente –como noutros momentos o francés e hoxe o inglés– recolle nas súas páxinas para uso dos estudantes os escritos de Bradwardine en materia de aritmética e xeometría, así como os traballos de perspectiva de Pisani Carturiensis e os comentarios que sobre estes fixera Henricus de Assia.

O libro está encadernado en pergameo, presentando marcas de auga en diferentes follas, a máis nítida na de garda, que consiste nunha man na punta dos dedos da que hai unha flor ou estrela e no medio da man aparecen dous signos que semellan un *q* e un *n* ou os números 959. A filigrana do papel sempre é unha man coa flor ou estrela, estando os dedos unhas veces xuntos e outras, separados. Os caracteres do texto son góticos, con capitais adornadas e debuxos xilográficos. No lombo do libro figura “Bravardini, et aliorum opera mathem.”

A nosa edición está datada no 19 de outubro de 1503 e non presenta ningunha das erratas que Martín Abad indica para outros exemplares. O estado no que se atopa podemos dicir que é bo aínda que debemos indicar que o lombo da cuberta está despegado, que ten algunha mancha de humidade e que as follas de garda están algo estragadas, mais non de maneira relevante. Mención especial merece unha anomalía que presenta este exemplar na encadernación, debida claramente ao error no que incorreu a persoa encargada de signar os folios. A signatura tipográfica que estes levan, e que ten a finalidade de facilitar o encarte dos pregos, aparece repetida nunha ocasión, de maneira que temos dúas veces “bij” cando no segundo caso debería ser “biiij”. Isto motivou, no exemplar que presentamos, que un prego fora dobrado ao revés, o que provoca a discontinuidade do texto. Cotexándoo co dixitalizado polo Instituto Cervantes, que pode ser consultado na Rede, vemos que o encadernador desoutro exemplar decatouse do erro e encadernouno axeitadamente.

Tanto no título como no colofón figuran os responsables das diferentes partes da obra, dándose aquí unha curiosidade, a de que mentres que no título un dos autores é denominado Ioannis de Assia, o comentarista do Carturiensis, no colofón aparece transcrito Enricus de Assia. Despois de moitos cotexos e reviravoltas, quedou claro que o citado era Enricus de Assia ou Hassia, e que onde Assia corresponde coa procedencia deste personaxe, é o que actualmente coñecemos como Hessen, en Alemaña.

En canto ao impresor, Juan Jofré (Ioannes Janfredus ou Ioffredus), é considerado un dos máis relevantes tipógrafos valencianos da súa época, do taller do que teñen saído numerosas e variadas obras, tanto polas materias como polos autores. Podemos mencionar as diferentes impresións da *Celestina* de Fernando de Rojas, varias obras de Nebrija, de Ramon Llull, de Esopo, etc. Natural de Briançon (Francia), afincouse



FOLLA DE GARDA

en Valencia arredor de 1500 onde exerceu toda a vida, sendo considerada excelente a calidade do seu traballo. A súa marca tipográfica presenta as súas iniciais I I encadrando a unha serea de dúas colas que sae da mar; mais no sempre figura esta, como sucede no libro que hoxe comentamos.

Falabamos antes dos caracteres utilizados. Aos comezos da imprenta, o libro impreso trata de ser unha copia do manuscrito tanto na presentación como no tipo letra, e só pouco a pouco irá independizándose ata utilizar tipos máis facilmente lexibles, así como a inclusión de portadas, de gravados, a supresión de abreviaturas, etc. Por exemplo, a letra gótica será a utilizada nestes primeiros tempos. Debido ás características formais, herdeiras non só do libro manuscrito senón das primeiras pezas saídas do prelo, algúns estudosos denominan aos documentos impresos entre 1501 e 1520 como *post-incunables* (Norton, Martín Abad), e neste grupo está incluído o *Preclarissimum*.

Polo que se refire a Thomas Bradwardine (ca.1290-1349), era un home notable que chegou a arcebispo de Canterbury, unha figura relevante que brilla con luz propia no panorama do pensamento no século XIV –coñecido como *Doctor Profundus, Magnus logicus*– centrada demasiado a miúdo en Ockham e nos ockhasmistas– e

que tivo moita influencia entre os seus contemporáneos e tamén en séculos posteriores, un espírito que, sen saírse da doutrina da igrexa, trata de aplicar métodos científicos tanto aos conceptos filosóficos e teolóxicos como aos seus estudos de xeometría, aritmética, perspectiva, abordando desde as matemáticas o estudo da velocidade dos movementos. Formou parte dun grupo de cregos que naceu arredor do Merton College de Oxford e que foron coñecidos como os “Calculadores de Oxford”, interesados na física, matemáticas e astronomía, rivais dos intelectuais da Universidade de París. Como a finalidade da obra era a de servir de libro de texto para estudantes, reuniuse nela aquilo que se considerou necesario para a súa aprendizaxe, de maneira que tomaron de aquí e alá textos de autores que para os seus impulsores ían empregarse como base para os estudos universitarios. Por iso, xunto a Bradwardine, aparecen aquí textos sobre perspectiva debidos a Pisanus Carturiensis ou Cantuarensis, que non é outro que Iohannis Peckham ou Pecham (ca.1220-1292). Educado en Oxford e París, franciscano, chegou tamén a arcebispo de Canterbury. Ocupou postos de responsabilidade na universidade, formou parte da “Escola franciscana de París” e escribiu sobre filosofía, teoloxía, óptica, campo este último no que estivo influído por Bacon, concretamente nas teorías da visión. Os seus estudos sobre este tema, moi estendidos na Idade Media, están recollidos en obras como *Perspectiva Communis*.

Henricus ou Henricchs de Langenstein “dictus de Hassia” (ca.1325-1397), como aparece ás veces mencionado, é o comentarista dos textos sobre perspectiva do Carturiense aquí reunidos. As súas teorías sobre a propagación da luz arrincan de Grosseteste e de Bacon. Como responsable do texto de 1503 figura Tomás Durán, interpretando os estudosos do tema que esta tarefa debeu ser de mera corrección. Este dominico, natural de Salamanca onde ensinou, gozou na súa época de moita sona como filósofo e matemático.


Hoxe esta singular obra forma parte dos fondos bibliográficos do Museo Arqueolóxico Provincial dentro da colección denominada Biblioteca da Comisión, na que figura co número de rexistro 494. Chegou a ela por compra pero descoñecemos a súa historia, o que é mágoa, xa que este exemplar presenta unhas marcas de selo seco que indicarán a pertenza anterior, marcas que se repiten en numerosas follas, ademais de na portada, de diferente tamaño e debuxo, non sempre claramente identificables. Na portada aparecen unhas iniciais, P.I.V., que deben corresponder a un dos seus anteriores posuidores e, baixo elas, pode verse borrada unha liña escrita que non logramos descifrar.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web:**
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9,30 a 14,30h
16,00 a 21,00h
domingo: 9,30 a 14,30h
luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9,30h ás 14,30h e das 16,00h ás 20,30h

PEZA DO MES:

Museo Arqueolóxico

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: María José Sierra Rodríguez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



XACOBEO 2010
Galicia